



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 30 de marzo de 2017, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 4.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual nº 2 do PXMO de Oleiros no ámbito do POL CORUXO-I, excluindo as parcelas que teñen culminado o proceso de cesión e urbanización

“Visto expediente tramitado e informes sectoriais emitidos, considerando que o equipo redactor da cumprimento ás condicións do informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio incluíndoas no documento presentado para aprobación provisional (documento nº 5125 de 08/03/2017) e tendo en conta os informes favorables técnico e xurídico emitidos,

AO PLENO DO CONCELLO PROPONSE A ADOPCION DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o documento denominado MODIFICACION PUNTUAL Nº 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL NO AMBITO DO POL. CORUXO-I, EXCLUÍNDO AS PARCELAS QUE TEÑEN CULMINADO O PROCESO DE CESION E URBANIZACION (documento nº 5125 de 08/03/2017), dando conformidade ao informe resposta do informe sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a aprobación definitiva da MODIFICACION PUNTUAL Nº 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL NO AMBITO DO POL. CORUXO-I, EXCLUÍNDO AS PARCELAS QUE TEÑEN CULMINADO O PROCESO DE CESION E URBANIZACION (documento nº 5125 de 08/03/2017).

TERCEIRO.- Dilixenciar o documento e remitir copia do expediente administrativo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 31 de marzo de 2017.-

Vº e Prace

O alcalde,

Ángel García Seoane

